

## CURSO DE SLAM

DURACIÓN DA ACTIVIDADE: 20 horas  
Un día á semana, dúas horas cada día.

MATERIAL: LIBROS, TEXTOS, PROXECTOR DE VÍDEO, ORDENADOR, MEGAFONÍA

Os tres bloques de contidos que se relatan a continuación intercalaranse nas horas de clase para maior dinamismo das actividades.

### 1.ª Parte: ANÁLISE E COMPOSICIÓN DE TEXTOS POÉTICOS (7 horas)

- Introducción: que é o Slam? Normas e visionado de exemplos. Mostra en directo
- Lectura de textos poéticos de diferentes momentos da Historia da Literatura Galega e portuguesa. Propóranse algúns e os participantes previamente avisados levarán textos que eles mesmos escollan.
- Analízanse as posibilidades orais deses textos para recoñecer mecanismos que poden funcionar ao levarlos a escena.
- A través de textos xa existentes analízanse estilos, correntes, figuras literarias, etc. de diferentes tipos de composicións.
- Propóranse xogos literarios como: cadáveres exquisitos, caligramas, etc.
- Cada participante escollerá o tipo de texto que desexa compoñer: humorístico, lírico, épico, clásico.
- Elaboraranse textos na aula, individual e colectivamente.

### 2.ª Parte: LECTURA E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS (7 horas)

- Algunhas indicacións para preparar a voz. Exercicios de quentamento e trucos para proxectar a voz.
- Lectura de cada texto e análise da lectura: exemplos e consellos para realizar unha lectura interpretada.
- O corpo: exercicios para traballar a posición, a actitude, a relaxación. Exploración das

posibilidades que o corpo ofrece para enfatizar e acompañar o recitado.

- Teatralizar os textos, levalos ao ámbito da dramaturxia: representalos escenicamente.

### 3.ª Parte: MÚSICA E SLAM (4horas)

- Analizar o ritmo dos textos polo miúdo, encontrar a música que conteñen. Realizar melodías.

- Experimentar coa música e outros apoios sonoros (ruídos da natureza ou creados). Utilizar efectos electrónicos para modificar a voz. Insertar os textos en colchóns musicais.

### ACTIVIDADE FINAL (2 horas)

Participación nun Slam entre o alumnado.

- Colocaríase megafonía e un presentador ou presentadora irá dando paso aos participantes.

- O público votará como no slam real. Esta xornada será de portas abertas para convocar público alleo ao obradoiro.